

Evolución do cadro de persoal do SEPE en Galiza

Comparando os datos da situación real de efectivos do último trimestre de 2022 e de 2023 observamos o seguinte:

O número de efectivos en Galiza permaneceu nas 462 persoas se ben Pontevedra perdeu 4 efectivos, a Coruña e Ourense gañaron 2 efectivos respectivamente e Lugo quedou igual.

A distribución provincial de efectivos a 31 de decembro de 2023 é a seguinte:

	Efectivos	Vacantes	Porcentaxe de vacantes
A Coruña	162	26	13,83
Lugo	63	20	24,1
Ourense	80	13	13,98
Pontevedra	157	62	28,31
TOTAL GALIZA	462	121	26,19

É chamativo que con esta necesidade de efectivos a Administración retrase a xestión dos procesos selectivos y incumpra as súas propias normas non convocando durante o 2023 os procesos derivados da OEP que eles mesmos aprobaron, tal e como establece o Real Decreto 625/2023, de 11 de xullo, que a aproba.